



**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO
MEDIO RURAL E O CONCELLO DE TOÉN PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE
INFRAESTRUTURA RURAL**

REUNIDOS

Dunha parte, **M^a Paz Rodríguez Rivera**, actuando en nome e representación da **Consellería do Medio Rural** da Xunta de Galicia, na súa calidade de directora xeral de Desenvolvemento Rural en virtude do Decreto 49/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81 do 24 de abril de 2024), e ao abeiro da Orde do 17 de novembro de 2015 de delegación de competencias en diversos órganos desta consellería (DOG núm. 223 do 23 de novembro de 2015).

Doutra parte, **Ricardo González Gómez** actuando en nome e representación do Concello de Toén na súa calidade de alcalde/sa-presidente/a, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos desta Addenda, e para o efecto

EXPOÑEN:

Primeiro: Con data 3 de xuño de 2025 a Consellería do Medio Rural e o concello de Toén asinaron un convenio de colaboración cuxo obxecto é a realización da obra de infraestrutura rural **"Pavimentación da rúa Real en Moreiras"**

Segundo: O convenio establece nas súas cláusulas segunda e terceira o importe máximo do orzamento de execución da obra en **48.000,00 €** con cargo á anualidade 2025.

Terceiro: O convenio establece na súa cláusula novena que as modificacións formalizaranse mediante "addenda" cos mesmos requisitos e condicións para a aprobación do Convenio.

Cuarto: O 16 de xullo de 2025 formalizouse contrato administrativo para a execución da obra de referencia por parte da empresa CONSTRUCCIONES Y ALMACENES VISO E HIJOS, SL por un importe de 47.940,20 € e catro meses de prazo de execución.





Quinto: De acordo co artigo 237 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o 5 de agosto de 2025 asinouse Acta de comprobación do replanteo que pon de manifesto que non foi posible iniciar as obras de execución debido a inexistencia de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, quedando suspendido o inicio das obras de acordo co artigo 139.4 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Sexto: Con data 24 de outubro de 2025 obtense autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para a realización das obras, asinándose Acta de inicio das mesmas con data 14 de novembro de 2025, o que conleva trasladar o prazo de execución da obra á anualidade 2026, ante a imposibilidade material de execución no ano 2025.

Xa que logo, as partes acordan a sinatura desta Addenda de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira: Obxecto

O obxecto desta addenda é modificar a distribución de anualidades inicial do convenio establecidas nos súas cláusulas segunda e terceira.

Ditas cláusulas quedan coa seguinte redacción:

"Segunda: Obrigas da Consellería do Medio Rural

A Consellería do Medio Rural asume a realización das obras sinaladas con cargo aos seus orzamentos, correspondéndolle en exclusiva a súa licitación ou encargo, tramitación e dirección.

O importe máximo que se destinará ás obras obxecto do presente convenio é de **48.000,00 €**, con cargo íntegramente á anualidade 2026.

A diferenza entre o importe anterior e o que resulte do proceso de adjudicación quedará a disposición da Consellería do Medio Rural, sen prexuízo das modificacións que foran necesarias que en ningún caso poderá superar o importe máximo sinalado no parágrafo anterior."





"Terceira: Financiamento

As obras obxecto deste convenio son financiados con fondos propios. O financiamento das obras obxecto desta Addenda será con cargo á aplicación orzamentaria 15.06.551A.604.1 coa seguinte distribución de anualidades:

-2025: 0,00 €
-2026: 48.000,00 €

Segunda.

En todo o non novado expresamente pola presente Addenda, seguirá en vigor o disposto no Convenio.

Terceira.

As partes asinantes desta Addenda outorgan o seu consentimento para que o resto das especificacións que constan na citada Addenda sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2026, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En proba de conformidade, as partes asinan dixitalmente a presente Addenda

POLA XUNTA DE GALICIA
A conselleira do Medio Rural,
(P.D. Orde do 17.11.2015 DOG núm. 223
do 23.11.2015)
A directora xeral de Desenvolvemento
Rural

POLO CONCELLO DE **TOÉN**
O ALCALDE-PRESIDENTE,

Mª Paz Rodríguez Rivera

Ricardo González Gómez

